



Festas de San Marcos en Noia

«Prevemos acoller preto de 200 cabalos en Noia para celebrar o San Marcos»

Esta edición das festas, que comezan hoxe e rematan o domingo, busca xerar interese a través dunha mellora da feira cabalar, recuperando a ruta desde San Lázaro ata a Capela de San Marcos e o curro de equinos salvaxes

Iago Rodríguez

O Concello de Noia dá hoxe comezo a unha das súas etapas máis especiais do ano coas Festas de San Marcos, que se prolongarán ata o domingo. Estas, segundo o tenente de alcalde e concelleiro de Festexos, Manuel Seijas, son «unha das celebracións máis tradicionais da vila e con elas dá comezo a tempada de festas en Noia». O edil salientou que esta edición ten un significado especial, pois recupera aspectos que se perderon co curso dos anos: «Tratamos de impulsar especialmente a feira cabalar. Desta maneira, conseguimos darlle un novo pulo á ruta cabalar e ao curro de cabalos salvaxes».

Estas novidades evidencian a gran importancia que teñen os cuadrúpedes na historia do San Marcos: «Os cabalos son fundamentais. Para esta edición prevemos acoller preto de 200 exemplares». O edil explica que as festas estaban perdendo afluencia pouco a pouco, polo que decidiron colaborar con entidades como a Asociación Cabalar da Serra do Barbanza e a Fe-



Manuel Seijas, xunto ao alcalde Francisco Pérez, segundo e terceiro pola esquerda, con organizadores do San Marcos.

deración Galega de Hípica «para lograr encher as rúas de visitantes e participantes».

Seijas subliña que estas datas teñen un significado especial para os noieses e ata para veciños de fóra dos seus límites: «Practicamente todo o mundo vencellado ao campo que vive en Noia ou en concellos da contorna ten o San Marcos como unha cita de asistencia obrigada».

A idea é «recuperar a historia de Noia dun xeito festivo», polo que, ademais das diferentes novidades impulsadas no ámbito cabalar, como o tan agardado percorrido de San Lázaro ata a capela de San Marcos e volta, tamén fan unha aposta por mellorar a feira agrícola, outro dos piares do San Marcos. «Queremos que sexa ampla e que volva ser a mostra que foi durante

tantos anos», indica o concelleiro.

Cabe destacar que, de cara ao futuro, agardan poder levar a cabo a exposición de animais vivos, unha proposta popularizada anos atrás pero que tamén se perdeu co tempo e que os comerciantes podían aproveitar para mercar ovellas, galiñas, vacas e outros animais.

Seijas pon de manifesto a implicación do Concello por ofrecer un-

ha programación de San Marcos digna para a diversión de todos os públicos: «Desexamos que as familias asistan ao campo da festa, paren a comer o polbo, vexan os cabalos, gocen da música e das actividades. É unha programación para avós, pais, fillos e netos».

FIDELIDADE

«Practicamente todo o mundo vencellado ao campo que vive en Noia ou na contorna ten o San Marcos como cita obrigada»

O edil aspira a que este San Marcos axude economicamente ao tecido empresarial local: «Buscamos que se dinamice a nosa hostalería e o noso comercio». E, por suposto, desexa que calquera festeiro que pase por Noia esta fin de semana «quede con ganas de volver». ■

CLICKFER
ALQUINOIA
C/ Bouciñas, 12-14 · Portobravo - Lousame | T: 604 076 221

PIZZERIA VENECIA
ESPECIALIDAD MENÚ DEL DÍA
Bacalao a la portuguesa Tapas de pulpo y otras
C/ Romero Blanco · 15200 Noia | T. 981 82 32 12

FÁBRICA DE MUEBLES DE COCINA Y BAÑO
www.mueblesolmedo.com ☎ 981 822 550 📞 630 279 550 📍 NOIA

OLMEDO

AC ALIMENTICIOS CAAMANO, S.L.
productos frescos y congelados

Distribución y venta de productos frescos y congelados en la provincia de A Coruña. Distribuidor de helados Nestlé, Panamar... y exclusivo de productos Anedilco.

+ 50 años llevando productos frescos y congelados a tu casa o empresa

Polígono de Augalevada, parcelas 5-6 · Noia
981 82 04 25 | www.alimenticioscaamano.com

Festas de San Marcos en Noia

Os amantes do cabalo toman Noia para gozar da feira cabalar

A Asociación Cabalar Serra do Barbanza naceu co obxectivo de enxalzar de novo o San Marcos

Iago Rodríguez

A Asociación Cabalar Serra do Barbanza é unha das entidades que colabora co Concello de Noia nese propósito de volver popularizar as Festas de San Marcos, uns festexos que encherán de alegría, música, labregos, gandeiros e animais as rúas da vila dende hoxe ata o domingo. Esta entidade foi constituída en febreiro do presente ano para facerse cargo da organización dos eventos relacionados co ámbito cabalar.

Neste contexto, tamén se responsabilizan de contactar con posibles participantes cuxa presenza pode contribuír a mellorar tan-

to a feira cabalar como a agrícola. «É moi importante o labor do boca a boca. Poñémonos en contacto coa xente para animalos a vir a Noia e reactivar estes eventos», explica o presidente da asociación, Adrián Bermúdez.

O gandeiro resalta que «o 25 de abril é unha cita marcada no calendario para todas as persoas da zona que teñen animais», pero puntualiza que «tamén os que non están metidos neste mundo son moi seguidores da festa».

Bermúdez destaca a profunda tradición vencellada ao San Marcos en Noia, que celebrou a súa primeira edición no ano 1578. «É moi típico que os propietarios de cabalos paseen en grupos pola vi-



Unha das anteriores edicións da feira cabalar en Noia.

la cos seus exemplares para que os visitantes os poidan ver», di.

O presidente explica que unha das grandes novidades que recuperan este ano, a ruta cabalar, «consiste nun paseo que se fai cos animais, charlando cos acompañantes desde San Lázaro ata a capela de San Marcos, onde se orixinou a festa. Neste punto explican a historia da celebración e despois volvemos a San Lázaro».

Por outra banda, subliña que

tamén se volverá a vivir o curro de cabalos salvaxes, unha representación do percorrido que se facía no pasado para achegar as bestas ata o antigo campo da feira noiés pasando polo casco antigo. «Haberá dous grupos montados, por diante e por detrás, e no centro irá un colectivo a pé que levará os cabalos soltos», declara. Para esta iniciativa contan co apoio da Mancomunidade de Montes de Baroña. ■



Bermúdez, presidente da entidade.

I.G.S.A.
ASESORES DE EMPRESAS
LABORAL - FISCAL - CONTABLE

**AUDITORÍAS
ECONÓMICO | FINANCIERO
SUBVENCIONES Y AYUDAS OFICIALES**

EN NOIA. C. Perito Basilio, 2-1º C • T. 981 842 130 - F. 981 824 676
EN RIBEIRA. Campo de Marte, nº 3 - 1º - T. 981 835 621 - F. 981 874 262

Desde 1993,
más de 30 años al servicio
de nuestros clientes

Horario de oficina: lunes a viernes de 9.00 a 15.00 h

www.igsaasesores.com



NOVA PAN NOIA S.L.
EL CORAZÓN DE TU MESA

OBRADOR PRINCIPAL Rúa Agra de Cal de Cans, 8, 15210 Noia - 981 82 39 45
TIENDA S. LÁZARO República Argentina, 11, 15200 Noia - 981 82 46 88
TIENDA CARREIRIÑA Rúa Ferreiro, 4, 15200 Noia - 981 82 25 53
TIENDA CARCASÍA Rúa Ramón Álvarez de Braña, 1, 15200 Noia - 673 84 04 86
TIENDA BOIRO Calle Robustiano Pérez del Río, 16, 15930 Boiro - 981 46 21 15

www.novapannoia.es

@nova.pan_noia



rotulosageitos@gmail.com **981 821 565**
Departamento Comercial **636 969 781**

**ROTULACIÓN
LUMINOSOS
IMPRESIÓN
NAVES
INDUSTRIALES
LONAS
VEHÍCULOS**

JCES
CONSTRUCCIONES

BOAS FESTAS

info@construccionesjces.com
Malecón de San Lázaro 20,
15200, Noia. A Coruña

981 82 06 39
627 05 56 81
646 57 80 28